

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 14 DE OUTUBRO DE 2021, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

#### DECRETOS

##### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción para o fomento da mobilidade sustentable: senda na OU-101, treito Montealegre (puntos quilométricos 1+100 -1+680), e na OU-150, treito: Valdorregueiro (puntos quilométricos 0+000 - 1+000), no concello de Ourense.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade das estradas autonómicas PO-210 e PO-211 a prol do Concello de Silleda.

#### ACORDOS

##### VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e as organizacións non gobernamentais Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación ONGD Galega de Reporteiros Solidarios (Agareso) e Asamblea de Cooperación por la Paz, para a execución do proxecto *Activistas polo mundo que queremos 2021-2022*, por un importe total de setenta e tres mil seiscientos noventa e un euros (73.691 €).

##### VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a subscrición e a exención de garantías para a realización de pagamentos á conta e anticipados nas anualidades 2022 e 2023, no convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e CZ Veterinaria, S.A. (marca comercial Zendal), por importe de dez millóns sete mil douscentos oitenta euros (10.007.280,00€), para a regulación das condicións do

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

outorgamento da subvención por importe de cinco millóns de euros (5.000.000 €), relativa ao novo centro de investigación de alta tecnoloxía, financiado ao 100 % no marco do eixe React UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

### CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do acordo marco que fixa as condicións as cales se deberán axustar os contratos baseados de servizos de desenvolvemento de solucións dixitais (proba de concepto/pilotos) e a implantación posterior das solucións para a introdución de tecnoloxías disruptivas no ámbito do sector público autonómico, dentro dos retos da Estratexia Galicia Dixital 2030, por un valor estimado máximo de trinta millóns de euros (30.000.000 €).

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto de decreto polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en materia de ordenación do territorio e urbanismo, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Viveiro, para a execución da obra de saneamento de Celeiro e a mellora da condución da vertedura da EDAR de Viveiro (Lugo), clave OH.327.616, por importe de tres millóns oitocentos trinta e sete mil dezaoto euros con trinta e un céntimos (3.837.018,31 €), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80 %, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Cee para a execución da obra de mellora do sistema de saneamento dos concellos de Cee e Corcubión (A Coruña), clave OH.315.1195, por importe de oito millóns cento corenta mil oitocentos corenta e catro euros con noventa e seis céntimos (8.140.844,96 €), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80 %, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co concello de Soutomaior para a execución da obra de melloras na estación depuradora de augas residuais de Comboa, Soutomaior (Pontevedra), clave OH.336.1165, por importe de trescentos oitenta e nove mil douscentos cinco euros con doce céntimos (389.205,12 €), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80 %, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

## CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade da Coruña (UDC) para impulsar accións no Campus Industrial de Ferrol (CIF) como campus de especialización acreditado do Sistema universitario de Galicia (SUG), por un importe total dun millón oitocentos nove mil cen euros (1.809.100 €).

## CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego e Igualdade para establecer pagamentos anticipados de ata o 100 % e a exención da constitución de garantías na Orde pola que se establecen as bases reguladoras do IV Plan de rescate das persoas traballadoras autónomas, profesionais e empresas particularmente afectadas pola crise da COVID-19, mediante axudas directas para o apoio á solvencia e redución do endebedamento do sector privado, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento TR700A).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego e Igualdade para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; na Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de subvencións para a concesión directa de bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas de formación profesional para o emprego correspondentes aos exercicios 2021 e 2022.

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), para a realización de programas de atención e

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

protección da saúde por importe de tres millóns novecientos setenta e nove mil setecentos noventa e nove euros con noventa e dous céntimos (3.979.799,92 €).

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de decreto de ordenación do sistema de formación sanitaria especializada na Comunidade Autónoma de Galicia.

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural-Agader e a organización profesional agraria Unións Agrarias-UPA, polo que se recoñece esta organización como entidade colaboradora da Agader para o cumprimento dos obxectivos da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, por importe máximo de sesenta mil euros (60.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural-Agader e a Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia, polo que se recoñece esta organización como entidade colaboradora da Agader para o cumprimento dos obxectivos da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, por importe máximo de sesenta mil euros (60.000 €).

## INFORMES

### VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Informe sobre o Plan de investimentos conxuntos (PIC) da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal 2021-2027.
- Informe sobre o balance dos datos turísticos do verán 2021.

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre a ampliación da dotación do Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (IGVS).

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a campaña de vacinación contra a gripe.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A EXECUCIÓN DE SENDAS PEONÍS E CICLISTAS NAS ESTRADAS OU-101 E OU-150 EN MONTEALEGRE E VALDORREGUEIRO, NO CONCELLO DE OURENSE

- Estas novas actuacións de fomento da mobilidade sustentable e de mellora da seguridade viaria suporán un investimento autonómico de case 1,27 M€, incluíndo o pagamento dos 45 predios precisos para o seu desenvolvemento
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará o levantamento das actas previas das expropiacións e licitará as obras a finais de ano ou a principios de 2022
- Un dos itinerarios, de case 1,3 quilómetros, executarase na OU-101 e comezará no punto quilométrico 1+020, para discorrer pola marxe dereita, dar continuidade a un treito de beirarrúa e rematar na zona onde se sitúa un refuxio do autobús
- A outra senda, de case 1 quilómetro, discorrerá pola marxe dereita da OU-150, desde o cruzamento coa estrada N-525 ata o comezo do treito coa ponte sobre o rego de Valdorregueiro
- Os novos itinerarios enmárcase no Plan de sendas de Galicia para a comarca de Ourense, unha iniciativa coa cal a Xunta está a habilitar, nas vías da súa titularidade, itinerarios peonís seguros, sustentables e integrados na paisaxe

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a declaración da utilidade pública pola que se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para a execución dos itinerarios peonís e ciclistas das estradas autonómicas OU-101, en Montealegre, e na OU-150, en Valdorregueiro, no concello de Ourense.

O Goberno galego investirá preto de 1,27 millóns de euros nestas actuacións de mellora da seguridade viaria e da mobilidade nas vías autonómicas, incluído o pagamento dos 45 predios precisos para a súa execución. A intervención contará co cofinanciamento de fondos europeos React-UE.

Estes proxectos teñen como obxectivo actuar en zonas destas estradas autonómicas que carecen na actualizade dun espazo propio para o tránsito de peóns, polo que a execución destas sendas suporá unha mellora importante da seguridade viaria para os veciños do municipio ourensán.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará o levantamento das actas previas das expropiacións e licitará a execución das obras a finais deste ano ou a principios de 2022. Os traballos contan cun prazo de execución de seis meses.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A intervención consiste na creación de dous itinerarios peonís e ciclistas no treito de Montealegre, entre os puntos quilométricos 1+020 e 2+130 da estrada OU-101, e no treito de Valdorregueiro, entre os puntos quilométricos 0 e 1+030 da OU-150.

Executaranse dúas sendas de uso mixto de ancho variable, cun mínimo 1,80 metros, apoiadas pola marxe dereita das estradas e separadas do tronco por diferentes elementos: vexetación máis bordo, de 1 metro de ancho, un bordo de sinalización ou a combinación de ambos. O bordo irá 3 centímetros elevado sobre a rasante.

En concreto, o primeiro itinerario peonil e ciclista, de case 1,3 quilómetros de lonxitude, executarase na estrada OU-101 e comezará no citado punto 1+020, para discorrer pola marxe dereita, dar continuidade a un treito de beirarrúa existente e rematar na zona da estrada na cal se sitúa un refuxio do autobús. Ademais, reacondicionarase a beiravía e substituirase por formigón colocando un peitoril urbano.

O outro itinerario, de case 1 quilómetro de lonxitude, discorrerá pola marxe dereita da estrada OU-150, desde o cruzamento coa estrada nacional N-525 ata o comezo do treito coa ponte sobre o rego de Valdorregueiro.

Na actuación proxéctase a execución de cinco muros de sostemento realizados en dique na senda da OU-101 e catro muros de sostemento na senda adxacente á OU-150. O proxecto tamén prevé a instalación das sinalizacións verticais e horizontais e a adecuación das paradas de autobús.

### **Plan de sendas de Galicia**


Estes novos itinerarios enmárcase no Plan de sendas de Galicia para a comarca de Ourense, como parte da estratexia impulsada pola Xunta de incremento da seguridade de peóns e ciclistas, debido a que son os usuarios máis vulnerables das estradas, e de promoción dunha mobilidade máis sustentable, favorecendo modos de desprazamento menos contaminantes.

O Goberno galego segue dando cumprimento ao seu compromiso de habilitar, nas estradas da súa titularidade, itinerarios peonís seguros, sustentables e integrados na paisaxe.

Nas imaxes amósanse o plano de situación e a imaxe aérea cos itinerarios das sendas:

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE DAS ESTRADAS PO-210 E PO-211, DE CONEXIÓN COAS ESTACIÓNS FERROVIARIAS, A PROL DO CONCELLO DE SILLEDA

- Transfírense estas dúas vías de acceso ás estacións de ferrocarril de Silleda e da Bandeira, cuxa finalidade inicial decaeu co progresivo abandono das terminais
- A entidade local terá competencia para actuar nestas estradas e asumirá a responsabilidade da súa conservación e o mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade das estradas autonómicas PO-210 e PO-211 que unen a poboación da vila coas estacións ferroviarias a prol do Concello de Silleda.

O Concello de Silleda solicitou ao Departamento de Infraestruturas da Xunta a transferencia da titularidade das citadas vías autonómicas cuxa finalidade inicial de acceso ás estacións de ferrocarril de Silleda e da Bandeira decaeu co progresivo abandono das terminais de tren.

Trátase de dúas vías autonómicas que discorren na súa totalidade polo municipio de Silleda e teñen un tráfico rodado de ámbito fundamentalmente local.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de acordo cos informes emitidos polos servizos da Axencia Galega de Infraestruturas de Pontevedra, formula a proposta favorable de transferencia da estrada PO-210, de algo máis de 2 quilómetros de lonxitude, que une A Bandeira coa estación ferroviaria da Bandeira; e da estrada PO-211, que comunica Silleda e a estación ferroviaria da vila, cunha lonxitude de 3,37 quilómetros.

A transferencia a prol do Concello de Silleda tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta, o Concello terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.


#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.


Na seguinte imaxe amósanse os tramos obxecto de transferencia:



### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA COLABORA CON TRES ONGD GALEGAS PARA PÓR EN MARCHA A NOVENA EDICIÓN DO PROXECTO *ACTIVISTAS POLO MUNDO QUE QUEREMOS***

- O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á renovación da colaboración con Solidariedade Internacional de Galicia, a Asociación ONGD Galega de Reporteiros Solidarios (Agareso) e a Asamblea de Cooperación por la Paz
- O proxecto conta este ano cun orzamento de 73.691 euros, dos cales a Xunta achega 70.000 euros
- O investimento da Xunta nesta iniciativa, na súa novena edición, supera os 595.300 euros e permitiu traballar co profesorado e co alumnado de 57 centros de educación secundaria obrigatoria (ESO) para afondar nas desigualdades sociais e nas súas causas, sobre todo nos países da cooperación galega

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe luz verde á sinatura do convenio de colaboración coas ONGD galegas Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación ONGD Galega de Reporteiros Solidarios (Agareso) e a Asamblea de Cooperación por la Paz para levar a cabo a novena edición do proxecto *Activistas polo mundo que queremos*. Nesta ocasión a iniciativa conta cun orzamento de 73.691 euros, dos cales a Xunta achega 70.000 euros e a contía restante, as tres organizacións participantes.

Coa sinatura deste acordo porase en marcha esta novena edición que será desenvolvida por tres ONGD especializadas no ámbito da educación para o desenvolvemento. Desde a posta en marcha deste proxecto en 2013, a colaboración entre a Xunta e as ONGD permitiu traballar co profesorado e co alumnado dun total de 51 centros de educación secundaria obrigatoria (ESO), aos cales este ano se suman outros seis co obxectivo de afondar nas desigualdades sociais e nas súas causas, con especial atención á realidade dos países da cooperación galega.

Os convenios de colaboración asinados nos últimos anos dan continuidade ao proxecto piloto posto en marcha por primeira vez en 2013 e desenvolvido no marco do Plan Proxecta de innovación educativa destinado a impulsar a colaboración entre os distintos departamentos da Xunta que contan con programas dirixidos a centros educativos.

O proxecto ten como obxectivo contribuír ao fomento dunha adolescencia e do profesorado galegos conscientes da interconexión entre realidades locais e dinámicas globais e o apoio no exercicio da súa corresponsabilidade na construción da xustiza

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

social, a través da educación para o desenvolvemento, a solidariedade e a loita contra a pobreza nos centros educativos da Comunidade.

O investimento da Xunta destinarase aos custos derivados das formacións, aos servizos técnicos ou aos gastos de persoal para facilitarlle ao profesorado as ferramentas necesarias para incorporar neste curso 2021/22 o discurso da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, así como para favorecer por parte do alumnado vías de denuncia sobre as súas realidades a través de sesións virtuais que teñan o activismo como eixo central. Ademais, a iniciativa busca acadar unha maior sensibilización na sociedade sobre as desigualdades sociais mediante unha estratexia de comunicación integral que inclúa campañas de promoción nos medios de comunicación e nos centros educativos. Durante a execución do proxecto realizarase unha avaliación continua de todo o proceso.

O convenio entre a Xunta e as tres ONGD para pór en marcha unha nova edición de *Activistas polo mundo que queremos* dá cumprimento ao Plan anual da cooperación galega para o desenvolvemento 2021, no marco do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021, en especial no que se refire a levar a cabo unha política de educación para o desenvolvemento orientada a construír unha cidadanía global comprometida co cambio social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable.

O IV Plan director da cooperación galega 2018-2021 reconece o papel central das ONGD no sistema de cooperación ao desenvolvemento, como actores relevantes para o diálogo de políticas e o fortalecemento do sistema galego de cooperación.

As ONGD son entidades con coñecemento experto para promover e xestionar intervencións de desenvolvemento e fomentar a conciencia da cidadanía e a educación para o desenvolvemento no norte, co fin de promover valores de responsabilidade e solidariedade. Por esta dobre tarefa, a Xunta vén apoiando a actividade destas entidades no marco deste plan que remata este ano a súa vixencia.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA ACHEGA 5 M€ A ZENDAL PARA PÓR EN MARCHA EN GALICIA UN CENTRO DE INVESTIGACIÓN DE ALTA TECNOLOXÍA ESPECIALIZADO NA FABRICACIÓN DE VACINAS**

- Construirá no Porriño un laboratorio de control de calidade e unha planta piloto para dotar da máxima seguridade e garantía o proceso de produción de vacinas contra a Covid-19 e a tuberculose
- A iniciativa enmárcase no proxecto que Zendal, co apoio do Executivo galego, ten presentado ao Goberno para optar aos fondos europeos e, deste xeito, ampliar a súa capacidade produtiva e de distribución mundial de vacinas
- Galicia está comprometida co crecemento empresarial desta industria a través da Estratexia de consolidación da biotecnoloxía 2021-2025, coa que se mobilizarán 600 millóns de euros grazas á colaboración público-privada

O Consello da Xunta de Galicia anunciou esta mañá que a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), asinará un convenio de colaboración con Zendal por un importe de 5 millóns de euros co obxectivo de impulsar a creación dun centro de investigación de alta tecnoloxía no Porriño, no cal se fabriquen vacinas contra a Covid-19 e a tuberculose.

En concreto, Zendal, que se compromete a realizar un investimento final de 10 M€ na construción deste novo equipamento en Galicia, prevé un centro destinado á investigación cun laboratorio de control de calidade e unha planta piloto para achegar seguridade e garantía ás operacións de investigación, desenvolvemento e produción dos produtos durante o proceso de fabricación de vacinas.

Con este investimento tamén se busca apoiar a posta en marcha de novas instalacións dedicadas á saúde humana e animal. Así, traballarase na consolidación de dúas novas plantas destinadas ao aumento da capacidade produtiva mundial para combater a pandemia xerada pola Covid-19, pero tamén para consolidar o desenvolvemento, produción e distribución a nivel mundial da nova vacina contra a tuberculose. Por outra parte, agárdase recuperar a capacidade produtiva da planta de saúde animal.

A iniciativa enmárcase no proxecto co que Zendal agarda conseguir fondos europeos. Unha iniciativa apoiada pola Xunta e que está dentro da candidatura Next Generation Galicia, que recolle un investimento de 111 millóns de euros co obxectivo último de incrementar a capacidade de produción e distribución mundial de vacinas. Neste sentido, o Executivo galego agarda que o Goberno amose a súa implicación neste proxecto

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

prestándolle a atención que se merece e concedéndolle a Zendal fondos no marco dos Next Generation.

Con este convenio, a Xunta ratifica o seu compromiso co crecemento empresarial biotecnolóxico, materializado de feito na Estratexia galega de consolidación da biotecnoloxía 2021-2025. Dotada con máis de 400 millóns de euros de investimento público, a previsión é acadar unha mobilización final de 600 M€ grazas á colaboración público-privada.

A través desta nova folla de ruta, Galicia tamén agarda incrementar nun 50 % o número de empresas deste sector, crear máis de 500 empregos cualificados e aumentar o gasto en I+D+i en biotecnoloxía nun 45 %.

Dentro da estratexia biotecnolóxica galega xa se están impulsando diferentes actuacións, como os convenios con Innopharma e Bioga, a posta en marcha do Polo Biotech en Santiago de Compostela ou a Business Factory Medicines (BFMedicines), ademais de convocatorias de axudas como o programa Conecta Covid ou o apoio ao *hub* de innovación dixital Datalife.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APROBA UN ACORDO MARCO PARA MOBILIZAR 30 MILLÓNS DE EUROS EN SOLUCIÓNS BASEADAS EN TECNOLOXÍAS AVANZADAS**

- O Consello de Goberno aprobou o acordo marco para contratos do sector público galego de servizos que requiran da aplicación de tecnoloxías disruptivas.
- O acordo marco permite a contratación de servizos por un importe global de 30 millóns de euros por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma e entidades públicas.
- O proxecto aprobado hoxe englobase no programa GobTech para o impulso de tecnoloxías avanzadas no sector público
- Os contratos derivados deste acordo marco afrontarán retos identificados na Estratexia Galicia Dixital 2030 para a transformación dixital da Comunidade Autónoma en todos os ámbitos.
- Os 30 millóns de euros deste acordo súmanse aos máis de 118 millóns estimados nos 10 acordos marco publicados no que vai de ano para a transformación dixital de Galicia.

Galicia disporá dun acordo marco para seleccionar provedores de tecnoloxías disruptivas, aos que poderán recorrer todos os departamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades públicas, según aprobou hoxe o Consello de Goberno.

O texto aprobado establece as bases para o acordo marco de servizos de desenvolvemento de solucións dixitais e a súa implantación que impliquen a introdución de tecnoloxías disruptivas no ámbito do sector público autonómico. O acordo marco permitirá a contratación de servizos por un importe global estimado de 30 millóns de euros.

O acordo marco permitirá á Administración afrontar os retos identificados nos sete eixos da Estratexia Galicia Dixital 2030 e suporá o desenvolvemento do eixo transversal, que promove a especialización tecnolóxica de Galicia e o reforzo das capacidades e infraestruturas dixitais en tecnoloxías como a intelixencia artificial, a ciberseguridade, a intelixencia do dato ou o 5G.

O acordo de hoxe forma parte do programa GobTech, que impulsa o uso de tecnoloxías avanzadas por parte do sector público.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cada un dos contratos terá un valor mínimo de 1 millón de euros e contará cunha fase de proba e demostración e outra de implantación, unha vez demostrada a súa viabilidade.

A fase de proba de concepto ou piloto incluírá o servizo de desenvolvemento e a demostración en que se involucren dunha forma limitada as potenciais persoas usuarias, co obxecto de valorar a súa viabilidade nunha contorna real pero acoutada, e determinarase se pode ser conveniente pasalo á fase definitiva.

Unha vez demostrada a viabilidade da proba de concepto ou o proxecto piloto, evolucionarase o servizo cara á súa implantación definitiva, se se axusta aos criterios de paso a esta fase establecidos anteriormente no contrato derivado, o que implica o despregamento da solución á escala global para a prestación do servizo na contorna real.

Os retos a que deberán dar resposta os contratos amparados neste acordo marco serán identificados e concretados pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). Deberán axustarse a algún dos ámbitos que definen os sete eixos da Estratexia Galicia Dixital 2030: Goberno e Administración intelixentes, sociedade dixital e inclusiva, contorna dixital para a saúde e o benestar social; territorio intelixente, verde e resiliente; conectividade dixital do territorio: cultura e turismo intelixentes ou economía dixital e sustentable.

Poderán formar parte deste acordo marco un máximo de 10 empresas ou consorcios de empresas, que serán as que obteñan as maiores puntuacións no procedemento de adjudicación. Estas empresas presentarán as propostas para a realización dos contratos baseados, que terán unha duración máxima de tres anos sen posibilidade de prórroga.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia encargárase da xestión dos procedementos de contratación en nome de todas aquelas consellerías e entidades do sector público autonómico que participen no desenvolvemento da Estratexia Galicia Dixital 2030 e no acordo marco.

Os contratos poderán ser financiados conxuntamente pola Amtega e os departamentos ou entidades que participen na iniciativa, ou ser financiados na súa totalidade polos devanditos departamentos ou entidades.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Acordos marco para a transformación dixital**

Ao longo de 2021, a Xunta de Galicia convocou 10 acordos marco relacionados co proceso de transformación dixital, que suman uns importes estimados de máis de 118 millóns de euros, aos cales haberá que sumar os 30 millóns de euros estimados no acordo aprobado hoxe.

Este instrumento de contratación foi adoptado para contratos relacionados con equipamentos, infraestruturas, plataformas ou ciberseguridade, entre outros. E está previsto para outros aspectos, como a automatización da Administración ou os servizos *cloud*. Os acordos marco son un dos instrumentos impulsados pola Xunta de Galicia para axilizar a contratación pública para a execución dos fondos dos plans de recuperación e resiliencia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA CONSULTIVA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO CENTRALIZARÁ AS CONSULTAS SOBRE ESTE EIDO DE TODAS AS ENTIDADES E ORGANISMOS

O Decreto polo que se crea e se regula esta entidade, que substituirá a Comisión Superior de Urbanismo, será remitido ao Consello Consultivo para a súa valoración, como paso previo á aprobación definitiva

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda avanza un paso máis na creación da Xunta Consultiva de Ordenación do Territorio e Urbanismo, entidade que centralizará e divulgará todas as consultas sobre este eido que trasladen á Administración autonómica todas as entidades e os organismos.

O Consello da Xunta autorizou a remisión ao Consello Consultivo do proxecto de decreto polo que se crea e regula este ente, co fin de que se pronuncie sobre el, como paso previo á súa aprobación definitiva.

Este novo órgano virá a substituír a actual Comisión Superior de Urbanismo de Galicia, co fin de facilitar aos distintos operadores técnicos e xurídicos que traballan no ámbito do territorio e do urbanismo o desenvolvemento das súas funcións, ao tempo que se contribúe á axilización dos diferentes expedientes administrativos necesarios para obter un permiso, autorización ou licenza.

Tamén terá funcións de asesoramento e emisión de ditames sobre a aplicación e interpretación da normativa sectorial vixente, e poderá ser consultada a este respecto tanto pola propia Administración autonómica e por organismos dependentes, como polas entidades locais, colexios profesionais e organizacións empresariais de sectores afectados polo urbanismo e a ordenación territorial.

A complexidade da materia, a crecente demanda por parte das administracións públicas e dos colectivos profesionais dun órgano específico para prestar asesoramento e tutela á hora de interpretar e aplicar a normativa vixente, así como a entrada en vigor da Lei de ordenación do territorio, son tres das razóns en que se apoia a Xunta para apostar pola posta en marcha desta nova xunta consultiva.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DE GALICIA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE VIVEIRO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO SANEAMENTO DE CELEIRO E DO NOVO EMISARIO SUBMARINO, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 3,8 M€**

- Trátase de solucionar os problemas detectados na rede de saneamento deste núcleo de poboación e da contaminación que presenta o efluente tratado pola depuradora municipal
- A Xunta comprométese a financiar integramente as actuacións e a contratar e executar as obras, mentres o Concello porá á disposición os terreos, tramitará as autorizacións necesarias e asumirá, posteriormente, as actuacións realizadas
- A intervención deseñada por Augas de Galicia comprende a execución do depósito de retención e impulsión de Celeiro, novo desbastamento previo para a mellora do bombeo de Rego e mellora da condución da vertedura da depuradora
- As obras dan continuidade ás que se están a executar na depuradora municipal, de mellora das liñas de tratamento para asumir as augas de Viveiro e de Celeiro, cun investimento da Xunta de 4 M€, que entrará en funcionamento a comezos de 2022
- O conxunto das actuacións impulsadas pola Xunta no sistema de saneamento de Celeiro-Viveiro acadan un investimento de preto de 8 millóns e permitirán dar servizo a 23.764 habitantes

A Xunta colaborará co Concello de Viveiro para executar as obras do saneamento de Celeiro e a construción do novo emisario submarino, cun investimento autonómico de máis de 3,8 millóns de euros.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a cooperación técnica e económica entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, e o Concello de Viveiro para acometer as actuacións necesarias para solucionar os problemas detectados na rede de saneamento do núcleo de Celeiro e de contaminación que presenta o efluente tratado pola estación depuradora de augas residuais municipal.

No cumprimento do obxecto da colaboración autorizada hoxe polo Goberno galego, a Administración hidráulica da Xunta asume integramente o financiamento, a contratación e a execución das obras. Estas actuacións son cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Pola súa banda, o Concello de Viveiro deberá pór á disposición os terreos necesarios para executar as obras, tramitar as autorizacións precisas para posibilitar a súa realización e asumir posteriormente as actuacións que se leven a cabo.

Esta nova intervención dá continuidade ás obras que se están a executar na estación depuradora de augas residuais de Viveiro, de mellora das liñas de tratamento da depuradora municipal, que permiten ampliar nun 50 % a capacidade de tratamento da depuradora para asumir as augas de Viveiro e de Celeiro. A Xunta está a investir preto de 4 millóns nesta mellora, cuxa entrada en funcionamento se prevé a comezos de 2022.

### **As obras que se van executar**

As actuacións recollidas no proxecto redactado por Augas de Galicia teñen como obxectivo solucionar os problemas da rede de saneamento no núcleo de Celeiro e a condución da vertedura da estación de tratamento de augas residuais de Viveiro.

As obras, que teñen un prazo de execución de 12 meses, comprenden a realización das seguintes actuacións: depósito de retención e impulsión de Celeiro, novo desbastamento previo para a mellora do bombeo de Rego e mellora da condución da vertedura da depuradora.

O depósito de retención e impulsión de Celeiro disporá de novo bombeo cun depósito de retención de 650 m<sup>3</sup>, que substitúe o actual bombeo de entrada ao pretratamento de Celeiro e que permitirá a laminación, tanto das puntas que rexistren ao longo do día en tempo seco, como dos caudais en tempo de choiva. A auga tratada impulsarase ata o novo pretratamento da depuradora de Viveiro.

Para a mellora do bombeo de Rego executarase unha estrutura en formigón armado enterrada, de dimensións en planta 4,10x2,30 metros, que aloxará no seu interior dous canais de 4,4 metros de profundidade. Nun dos canais instalarase unha reixa automática que descargará nun contedor que irá aloxado na nova caseta proxectada sobre a beirarrúa e xunto ao centro de saúde, e noutro, unha manual.

A actuación completarase coa mellora da condución da vertedura da depuradora de Viveiro, para o cal se executará unha nova condución submarina en prolongación do actual emisario terrestre e coa retirada dos tramos precisos do emisario existente para a execución das obras. A nova condución da vertedura terá unha lonxitude de 858 metros e será instalada na gabia baixo o leito mariño. Nos últimos 80 metros dispóñense os difusores en catro tramos de diámetro decrecentes, cada un deles cunha válvula difusora de "pico pato" de 200 mm.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O conxunto das actuacións impulsadas pola Xunta no sistema de saneamento de Celeiro-Viveiro acadará un investimento de case 8 millóns de euros e será capaz de dar servizo a 23.764 habitantes equivalentes.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE CEE PARA EXECUTAR A MELLORA DO SISTEMA DE SANEAMENTO NESTE MUNICIPIO E NO DE CORCUBIÓN, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE 8,1 M€**

- Trátase da 1ª fase das actuacións ao abeiro do Plan de saneamento da ría de Cee e Corcubión, para mellorar o funcionamento do sistema
- O proxecto, cun prazo de 18 meses, prevé a renovación do colector das Laxes e a construción dun novo tanque de tormentas
- Acometerase un novo colector que desde o bombeo das Monxas conduza as augas ao tanque de tormentas e as bombea á depuradora
- Tamén se instalará un *bypass* xeral de toda a instalación para que as augas sexan dirixidas ao tanque de tormentas ou aliviadas
- A Xunta presta apoio técnico e económico aos concellos para que poidan desenvolver de xeito eficiente as súas competencias de saneamento e abastecemento

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a colaboración co Concello de Cee para a execución das obras de mellora do sistema de saneamento deste municipio e do de Corcubión, que suporán un investimento autonómico de máis de 8,1 millóns de euros.

Estas obras conforman a primeira fase das actuacións proxectadas ao abeiro do Plan de saneamento da ría de Cee e Corcubión para mellorar o funcionamento do sistema.

Mediante este acordo, a Administración hidráulica da Xunta asume integramente o financiamento, a contratación e a execución das obras. Estas actuacións son cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

O Concello de Cee, pola súa parte, como beneficiario desta colaboración do Goberno galego nas súas competencias de saneamento e depuración, debe aprobar o proxecto en Pleno municipal, pór os terreos á disposición e asumir o compromiso de recepción e explotación das actuacións.

As actuacións, cun prazo de execución de 18 meses, teñen como obxectivo solucionar as deficiencias que presenta na actualidade a rede de saneamento de Cee e Corcubión.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As obras proxéctanse unha vez realizado un estudo que constatou carencias no funcionamento dos bombeos e a existencia dun sistema de depuración cunha tecnoloxía de tratamento obsoleta.

O diagnóstico efectuado amosou que o sistema de saneamento é unitario e que en tempo de chuva é incapaz de bombear a totalidade de caudais recollidos, producíndose numerosos alivios que, entre outras consecuencias, provocan que a praia de Cee teña prohibición permanente de baño.

### **Intervención**

Para solucionar estas deficiencias e optimizar o sistema de saneamento destes municipios, o proxecto prevé a renovación do colector das Laxes e a construción dun novo tanque de tormentas.

Tamén se acometerá un novo colector que desde o bombeo das Monxas conduza as augas ao tanque de tormentas e as bombee á depuradora.

De modo máis concreto, no colector das Laxes, arranxarase o treito que discorre pola marxe dereita do río, desde a impulsión actual ata o novo tanque de tormentas.

Ademais, instalarase un *bypass* xeral de toda a instalación que permita que as augas sexan dirixidas ao tanque de tormentas ou aliviadas.

O tanque de tormentas dimensiónase para un volume de retención de 2.000 m<sup>3</sup>. A impulsión con catro bombas e o pretratamento disporá de pozo de grosos e filtros autolimpantes.

### **Apoio ao concello nas súas competencias municipais**

Ademais de investir 8,1 millóns de euros na mellora do saneamento de Cee e Corcubión, a Xunta de Galicia, a través de Augas de Galicia, redacta o proxecto de construción da nova depuradora, conforme o recollido nun convenio anterior asinado co Concello de Cee en decembro do pasado ano. Esta intervención, cuxa redacción do proxecto foi licitado por 347.000 euros, correspóndese coa segunda fase das actuacións proxectadas ao abeiro do Plan de saneamento da ría.

A Xunta continúa prestando apoio técnico e económico aos concellos para que poidan desenvolver de xeito eficiente as súas competencias de saneamento e abastecemento,

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

reforzando as garantías relativas á saúde pública, ao medio natural, á pesca, ao marisqueo ou ao turismo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DE GALICIA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE SOUTOMAIOR PARA A MELLORA DA DEPURADORA DE COMBOA CUN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE CASE 390.000 €**

- Executaranse as obras de actualización desta planta de tratamento de augas residuais, coa substitución de equipamentos e elementos obsoletos que xa cumpriron a súa vida útil, para adaptala á nova normativa
- Segundo o convenio autorizado hoxe, a Xunta comprométese a financiar integramente as actuacións e a contratar e executar as obras
- A Administración local deberá pór á disposición os terreos necesarios, tramitar as autorizacións para as obras e asumir posteriormente as actuacións realizadas
- Os traballos céntranse na modernización e no incremento do control da xestión da planta depuradora, así como na implementación dos sistemas de desodorización, promovendo no seu conxunto un avance na calidade ambiental da zona
- O Goberno galego segue prestando apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan exercer as súas responsabilidades municipais dun xeito eficiente e continuar mellorando a calidade da auga e da vida da poboación do medio rural

A Xunta de Galicia colaborará co Concello de Soutomaior para executar as actuacións necesarias para a mellora da depuradora de Comboa, cun investimento autonómico de case 390.000 euros.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnica e económica entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, e o Concello de Soutomaior para executar as obras de actualización desta planta de tratamento de augas residuais, substituíndo os equipamentos e elementos obsoletos que xa cumpriron a súa vida útil.

No cumprimento do obxecto da colaboración autorizada hoxe polo Goberno galego, a Administración hidráulica da Xunta asume integramente o financiamento, a contratación e a execución das obras de renovación da estación depuradora, adaptándoa á nova normativa. As obras serán cofinanciadas no marco do programa operativo Feder Galicia 2014/2020.

Pola súa banda, a entidade local deberá pór á disposición os terreos necesarios para executar as obras, tramitar as autorizacións precisas para posibilitar a súa realización e asumir posteriormente as actuacións que se leven a cabo.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **As obras que se van executar**

A planta depuradora de Comboa púxose en funcionamento no ano 2001. Trátase dunha infraestrutura con instalación fisicoquímica sen tratamento secundario que na actualidade presenta problemas de xeración de olores e carece dun pozo de grosos previo, o que provoca que areas, trapos, pedras e outros elementos cheguen aos equipamentos de filtración provocando, pola súa vez, atascos. Esta circunstancia implica paradas na planta e alivios ao río Verdugo de auga sen tratar.

As actuacións recollidas no proxecto redactado por Augas de Galicia teñen como obxectivo mellorar o estado das instalacións e incrementar o control sobre a explotación da depuradora, así como a implementación dos sistemas de desodorización, promovendo no seu conxunto un avance na calidade ambiental da zona.

Os traballos comprenden a instalación no depósito de lodos e no depósito de policloruro de aluminio de sensores de nivel ultrasónico e a súa correspondente conexión ao autómatas, así como a colocación dun segundo equipamento de preparación e dosificación de polielectrólito coas súas dúas bombas dosificadoras de parafuso.

Instalaranse dous sistemas de desodorización para un caudal máximo de 500 e 1.500 m<sup>3</sup>/h segundo a zona, mediante absorbentes químicos en base alúmino activada impregnada.

Tamén se substituirán distintos elementos, entre eles dúas caldeiras, o filtro de banda actual por un decantador centrífugo e varias bombas dosificadoras.

Na actuación inclúese, ademais, a retirada da cuberta actual e a instalación dunha nova da mesma tipoloxía, a montaxe do equipamento de aire acondicionado en sala de control, a colocación dun silo de lodos na zona de entrada á depuradora de 10 m<sup>3</sup>, así como a electricidade e a iluminación.

Con estas obras darase servizo a unha poboación de 2.411 habitantes.

Para seguir progresando nas actuacións de saneamento da ría, a Xunta avanza na contratación das obras para implantar o tratamento biolóxico na depuradora de Vilaboa, á cal nove empresas presentaron ofertas, e que suporán un investimento autonómico de 720.000 €.

Augas de Galicia segue traballando, ademais, na redacción do proxecto para executar unha nova depuradora en Arcade, que suporá un investimento de 2 M€ e para a cal o Concello de Soutomaior deberá pór os terreos á disposición.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno galego segue prestando apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan exercer as súas responsabilidades dun xeito eficiente e continuar mellorando a calidade da auga e a calidade de vida da poboación galega no medio rural.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DE GALICIA INJECTA 1,8 M€ Á UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA REFORZAR A ESPECIALIZACIÓN DO CAMPUS INDUSTRIAL DE FERROL

- O Consello da Xunta deu paso á sinatura dun convenio para este fin, que recolle accións de investigación, transferencia, internacionalización e gobernanza, entre outras
- Fortalecerase o vínculo co tecido produtivo e a comercialización das patentes
- Promoverase a captación de talento e impulsaranse a colaboración, no ámbito da docencia e da investigación, con outras universidades estranxeiras
- O programa de especialización do campus ferrolán é único a nivel nacional e o primeiro acreditado de Galicia

A Xunta de Galicia vai inxectar 1,8 M€ na Universidade da Coruña para reforzar a especialización do Campus Industrial de Ferrol, un programa único a nivel nacional que o converte no primeiro acreditado de Galicia. O Consello da Xunta deu hoxe paso á sinatura dun convenio para este fin que recolle accións de investigación, transferencia, internacionalización e gobernanza, entre outras.

O obxecto deste convenio é desenvolver actuacións estratéxicas co fin de dotar o Campus Industrial de Ferrol dunha identidade propia, estreitamente ligada ás potencialidades económicas da súa contorna, así como unha maior visibilidade que garanta o seu futuro, tanto a nivel nacional como internacional, tendo en conta o establecido na súa resolución de acreditación.

Iniciado no 2015, o Campus Industrial de Ferrol ten un enfoque estratéxico ligado ao sector naval, oceánico e industrial, reestruturando a oferta docente e impulsando a creación de polos de referencia en I+D+i. O proxecto obtivo a acreditación de especialización en marzo de 2021, o que lle permite, entre outros efectos, potenciar as súas estruturas de investigación e estreitar as relacións coas empresas da contorna, o que repercutirá no desenvolvemento da cidade.

Este é o primeiro investimento no Campus Industrial de Ferrol ligado directamente á súa acreditación como campus especializado. O investimento da Xunta de Galicia no período 2015-2020 para o desenvolvemento de accións ligadas á acreditación do Campus Industrial de Ferrol foi de 2,85 M€.

As accións deste novo convenio van encamiñadas a consolidar unha maior especialización no Campus Industrial, dotándoo dunha identidade propia, centrada en

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

dous focos principais: naval e oceánico e o sector industrial, que actúan a xeito de núcleos centralizadores sobre os cales se articulan as demais áreas de especialización do campus. Todo isto a través dunha especialización docente e científica que permite aproveitar as potencialidades da súa contorna facendo máis dinámica a economía, non só na comarca, senón tamén a nivel rexional, nacional e internacional.

### **Captación de talento**

No referido á investigación, impulsarase un programa propio do campus dirixido á captación e retención de talento investigador, co obxectivo de contratar persoal investigador posdoutoral con proxección e ampla traxectoria internacional e predoutoral con mención internacional.

Ademais, desenvolverase un programa de doutoramento industrial que favoreza unha maior conexión co tecido produtivo, potenciarase a presentación de candidaturas de proxectos europeos en ámbitos temáticos ou sectoriais e adquirirse equipamento e software especializado co obxectivo de fortalecer as capacidades tecnolóxicas en industria intelixente.

### **Conexión do tecido produtivo**

Unha das principais finalidades da especialización dos campus é afondar na relación co tecido produtivo da contorna. Co obxectivo de aumentar a transferencia de coñecemento, reforzarse a Unidade de Relación Industrial do campus e organizaranse misións tecnolóxicas directas e inversas con empresas e institucións para dar a coñecer as capacidades e posibilidades de colaboración en materia de I+D.

Así mesmo, entre outras accións, apoiarase a transferencia e comercialización das patentes, dos rexistros software ou modelos de utilidade que se desenvolvan no campus.

### **Internacionalización**

O convenio recolle tamén o desenvolvemento de iniciativas tendente a unha maior visualización do Campus de Ferrol fóra da Comunidade. No ámbito da docencia, destaca o reforzo e o incremento dos títulos compartidos con outras universidades e a potenciación dos títulos con docencia bilingüe, a mobilidade e internacionalización da docencia mediante prácticas docentes en empresas internacionalizadas e a colaboración con institucións universitarias estranxeiras, entre outras accións.

No referido á investigación, impulsarase a colaboración con institucións universitarias e centros de investigación estranxeiras e participación en redes, partindo das relacións xa establecidas na impartición de oferta docente e na colaboración en proxectos europeos.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nesta liña, afondarase na relación establecida cos centros internacionais e identificaranse as liñas de traballo que permitan desenvolver proxectos de investigación en conxunto.

### **Oferta académica**

No que atinxe á oferta académica, deseñarase un plan de formación continua en industria intelixente, con seminarios e actividades en relación cos sectores industriais estratéxicos. Ademais, crearase un observatorio para a análise da demanda de necesidades docentes e a empregabilidade dos egresados, de tal forma que se poida coñecer a demanda social e empresarial das titulacións e as novas demandas sectoriais para identificar nichos de oportunidade docente.

Implementarase, ademais, unha estratexia para a captación de estudantes a nivel nacional, a través da participación en feiras ou a organización de eventos dirixidos a estudantes, entre outras iniciativas.

### **Difusión e gobernanza**

No marco deste convenio, a Universidade da Coruña deberá tamén realizar accións orientadas a dar a coñecer e difundir a actividade do Campus Industrial de Ferrol, especialmente en medios especializados.

Así mesmo, reforzará o campus mediante unha gobernanza profesional, participativa e conectada coa sociedade. Neste sentido, o convenio recolle a contratación de técnicos de coordinación, administrativos, de comunicación e difusión, de apoio ao I+D e en sistemas informáticos e de indicadores que colaboren nesta xestión.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DE GALICIA LANZA UN NOVO PROGRAMA DE AXUDAS A AUTÓNOMOS E EMPRESAS CUN MÍNIMO DE 134 M€ QUE NON SE REPARTIRON NO 3º RESCATE A POLA BUROCRACIA ESTATAL**

- O Consello da Xunta sacou adiante o 4º Plan de rescate que incluírá as modificacións introducidas polo Goberno central no Real decreto lei que regula os pagamentos e do que se fará unha interpretación extensa para favorecer o acceso ás empresas
- Utilizará cartos que sobraron do 3º plan, ante a baixa demanda detectada de 5.900 solicitudes en tres meses a causa da burocracia excesiva e dos requirimentos imposibles no acceso ás axudas reguladas polo Goberno central
- Entre as novidades, amplíase do 1 de marzo de 2020 ao 30 de setembro de 2021 o prazo das débedas contraídas que poden ser cubertas polas axudas, que poderán destinarse tamén a compensar perdas contables
- Os apoios do novo plan van dos 3.000 euros para autónomos que tributan por módulos ata os 200.000 de máximo ao cal poderían acceder as empresas de cumprir cuns requisitos case imposibles
- A Xunta, a través dos seus departamentos, leva mobilizados desde o inicio da pandemia máis de 600 millóns de euros en axudas directas aos sectores afectados pola Covid-19

O Consello da Xunta acaba de sacar adiante un 4º Plan de rescate de axudas directas para persoas autónomas e empresas cuxa actividade se viu afectada pola pandemia. Con el, a Consellería de Emprego e Igualdade pretende amortuxar o fracaso do 3º Plan de rescate financiado inicialmente cos 234.470.880 € de fondos do Estado que corresponderon a Galicia, que apenas recibiu 5.912 solicitudes unha vez rematado o prazo o pasado 30 de setembro. Os 134,4 millóns de euros que sobraron desa convocatoria destinaranse ao 4º plan, que recolle as últimas modificacións introducidas polo Goberno central e que regula os pagamentos, coa finalidade de que os cartos queden en Galicia.

Os motivos do fracaso do 3º plan, alleos á Xunta de Galicia, teñen orixe nas condicións inflexibles e restritivas impostas no real decreto lei con que o Goberno central regulou as axudas que, con cartos do Estado, teñen que xestionar as comunidades autónomas. A diferenza do 3º plan co 1º e 2º plans activados pola Xunta con fondos autonómicos, a Xunta recibiu un total de 80.000 solicitudes.

Dúas teñen sido as trabas principais impostas desde Madrid e que disuadiron a moitos empresarios de solicitar as axudas: a obriga de destinar o seu importe total ao

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

aboamento de débedas e, en segundo termo, o límite fixado para as contías que, no caso dos traballadores por conta propia que tributan por módulos, quedan conxeladas nos 3.000 euros, mentres as grandes firmas poderían optar, de ser o caso, a contías moito maiores de ata 200.000 euros.

A Xunta vén arbitrando cantas medidas están na súa man, dentro da escasa marxe de manobra que lle deixa a regulación estatal, para facer interpretacións extensas da normativa estatal e poder beneficiar cantas máis empresas mellor. Así, estendeu a todas as actividades a posibilidade de percibir as axudas, estableceu no 30 % o requisito de perdas para que todas estas actividades puidesen acceder ás axudas directas e ampliou en dous meses e medio o prazo para recibir as peticións das empresas.

Desde xuño, o Goberno central fixo ata tres rectificacións do Real decreto lei 5/2021, do 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial en resposta á pandemia da Covid-19, que regula estas axudas. Os últimos cambios limitáronse a ampliar o prazo das débedas pendentes que se poden cubrir con cargo ás axudas e a permitir o emprego dos cartos para compensar as perdas contables.

Así, na nova convocatoria aprobada hoxe polo Consello, incorpóranse esas modificacións e amplíase ata o 30 de setembro de 2021 o período para imputar as débedas a que se poden destinar as axudas (débedas contraídas, por tanto, entre o 1 de marzo de 2020 ata o 30 de setembro de 2021). Tamén se establece que os cartos se poidan destinar a compensar custos fixos non cubertos nos cales se incorreu nese período.

O 4º plan deseñouse unha vez máis en colaboración co Diálogo Social e a Mesa do Emprego Autónomo na busca de novas fórmulas interpretativas que permitan sortear trabas burocráticas, axilizar os trámites e facilitar o acceso ás axudas ao maior número de persoas beneficiarias.

A Xunta de Galicia quere seguir inxectando recursos que acheguen liquidez aos negocios e contribúan á xeración de emprego. A prioridade segue a ser a de loitar contra os efectos da pandemia e preparar o tecido produtivo para a reactivación económica; algo que o Goberno galego leva facendo desde o primeiro momento, mobilizando 606,83 millóns de euros en axudas directas destinadas aos diferentes sectores, nomeadamente, o turístico, a hostalaría e o comercio, a vivenda e o sector primario.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DE GALICIA FACILITARÁ A ASISTENCIA AOS CURSOS PARA DESEMPREGADOS CON AXUDAS AO TRANSPORTE E AO ALOXAMENTO E Á CONCILIACIÓN POR IMPORTE DE 7 M€**

- Na convocatoria deste ano, como novidade, ampliáanse estes apoios ás familias numerosas ou monoparentais e concederanse por primeira vez axudas ao aloxamento e á manutención de 50 euros ao día, se a distancia supera os 100 quilómetros ou no caso de que os desprazamentos non se poidan efectuar a diario pola rede de transportes
- A iniciativa ten como fin principal incrementar as oportunidades laborais dos galegos e galegas que non teñan un emprego, a mellora da súa cualificación e, polo tanto, a creación de emprego de calidade
- O pasado ano beneficiáronse destas axudas máis de 2.100 persoas
- A Xunta inviste ata 2022 máis de 48,2 millóns de euros na formación de 18.600 desempregados a través de 1.242 cursos

A Xunta continúa traballando na súa aposta pola formación para o emprego e, deste xeito, no Consello da Xunta celebrado hoxe aprobáronse as bases da convocatoria de axudas dirixida a facilitar a asistencia aos cursos dirixidos a persoas desempregadas que inclúe, entre outros, apoios á conciliación, manutención, ao aloxamento e transporte. A iniciativa, cun orzamento de sete millóns de euros, incorpora importantes novidades, xa que se amplía ás familias numerosas e monoparentais e, por primeira vez, concederanse apoios ao aloxamento e á manutención de 50 euros ao día, se a distancia supera os 100 quilómetros por hora ou no caso de que os desprazamentos non se poidan efectuar porque así non o permita a rede de transportes existente.

En concreto, ademais destes dous supostos, a actuación da Consellería de Emprego e Igualdade inclúe unha bolsa de asistencia de nove euros ao día para o alumnado con discapacidade dun grao igual ou superior ao 33 % e para aqueles desempregados que participen nun itinerario personalizado de inserción (IPI), ademais dos alumnos e alumnas que sexan membros dunha familia numerosa ou monoparental; axudas ao transporte público por unha contía de 1,5 euros ao día, ao transporte público interurbano por unha contía de sete euros ao día e ao transporte en vehículo propio por unha contía de 0,19 euros por quilómetro e día de asistencia. Tamén se concederán apoios á conciliación cunha contía igual ao 75 % do IPREM diario vixente nese momento para as persoas que estean ao coidado de fillos e/ou fillas menores de 12 anos acollidos ou familiares dependentes ata o segundo grao.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A convocatoria, así mesmo, conta con xudas para mulleres vítima de violencia de xénero de 10 euros ao día, e á manutención, de 12 euros ao día se a distancia supera os 20 quilómetros. O obxectivo desta acción é facilitar a asistencia aos cursos do alumnado e, polo tanto, a mellora da empregabilidade dos galegos e das galegas e a súa cualificación, polo que se favorece a creación de emprego de calidade. Na convocatoria anterior 2020/21 beneficiáronse destas bolsas e axudas máis de 2.100 persoas sen emprego.

A formación para o emprego é unha gran aposta da Xunta de Galicia, un eido ao cal se destinan este ano máis de 72 millóns de euros, un 3,3 % máis ca en 2020. Inclúense, entre outros programas, os cursos de formación para desempregados nos cales se está a investir en 2021 máis de 48 millóns de euros para formar a 18.600 desempregados a través de 1.242 cursos. Os alumnos e as alumnas que partecen nas accións formativas poden acceder, ao remate, aos certificados de profesionalidade con validez en todo o Estado. Desde o ano 2011, a Xunta mantén unha aposta decidida pola formación certificable co obxecto de que a formación para o emprego conte cuns niveis de calidade e excelencia demandados na actualidade.

En definitiva, o Goberno galego busca coa formación para o emprego incrementar as oportunidades laborais dos galegos e galegas e dar resposta á necesidade das empresas de contar con traballadores cualificados adaptando a formación dos traballadores ás súas necesidades.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DE GALICIA DESTINA PRETO DE 4 MILLÓNS DE EUROS PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE ATENCIÓN E PROTECCIÓN DA SAÚDE NA LOITA CONTRA OS TRASTORNOS ADICTIVOS**

Para tal efecto, asinarase un convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, a de Sanidade, o Sergas e a Fegamp

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo; a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), asinará un convenio de colaboración na liña do Goberno galego de seguir a colaborar coa Fegamp en materia de prestación de servizos de atención sanitaria referidos aos trastornos adictivos. Para tal efecto, a Xunta de Galicia destinará para o presente ano un total de 3.979.799 euros.

Este convenio está dirixido ao financiamento e desenvolvemento de programas de axudas para unidades asistenciais de drogodependencias, a través dos concellos que dispoñan delas, atendendo á planificación, aos criterios, guías, programas e procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde no circuito de asistencia sanitaria aos trastornos adictivos en Galicia.

Esta planificación permite mellorar a atención das persoas con trastornos adictivos, garantir un acceso equitativo á asistencia en toda a Comunidade, coordinar de xeito efectivo a atención prestada nos dispositivos de atención ás drogodependencias con servizos de atención primaria e de saúde mental e establecer unhas directrices comúns para todos os centros galegos en materia de drogodependencias.

A través deste convenio, o Goberno galego garante o mantemento e a consolidación dos sistemas de axuda ao colectivo de persoas que padece trastornos adictivos, facilitando a accesibilidade e o seguimento dos tratamentos a través de dispositivos municipais e comarcais. O convenio é unha renovación dos que se veñen asinando coa Fegamp desde o ano 2014, como entidade colaboradora e representante única de todos os concellos que dispoñen de servizos de atención sanitaria de trastornos adictivos.

O número de beneficiarios deste convenio en 2020 foi de 8.880 persoas.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA DE GALICIA AUTORIZA A TRAMITACIÓN DO ANTEPROXECTO DE DECRETO QUE ORDENARÁ O SISTEMA DE FORMACIÓN SANITARIA ESPECIALIZADA

- A norma conta cun triplo obxectivo: regular e harmonizar o labor docente na formación de especialistas médicos e residentes, optimizar a calidade no proceso de formación especializada e incrementar o número de facultativos na sanidade galega
- Trátase do primeiro decreto que se tramita en Galicia en relación coas normas sobre a formación sanitaria especializada, no ámbito das competencias da comunidade autónoma
- A Xunta destinará no ano 2022 máis de 60 millóns de euros á formación de especialistas e residentes

O Consello da Xunta acaba de autorizar, na súa reunión de hoxe, o inicio da tramitación do anteproxecto de decreto de ordenación do sistema de formación sanitaria especializada en Galicia, co ánimo de establecer as medidas, os mecanismos e as estruturas docentes precisas para a formación dos especialistas médicos ou residentes.

O Executivo galego mantén a súa aposta pola formación de especialistas nas ciencias da saúde, cun texto normativo que conta cun triplo obxectivo: regular e harmonizar o labor docente na formación dos especialistas médicos e residentes, optimizar a calidade no proceso de formación especializada e incrementar o número de facultativos na sanidade galega.

Deste xeito, autoriza o avance dun proxecto de decreto que estará conformado por 56 artigos, distribuídos en oito capítulos, e que disporá de tres disposicións adicionais, catro transitorias e unha derogativa.

Así, e conforme o previsto na Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, e no Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, que determina e clasifica as especialidades en ciencias da saúde, tramítase o primeiro texto normativo en Galicia que, desde o ámbito competencial autonómico, definirá as estruturas sanitarias docentes, regulará os órganos docentes colexiados e unipersoais e o procedemento para autorizar as rotacións externas e as estancias formativas de persoas estranxeiras.

Ademais, o anteproxecto tamén recolle os criterios do procedemento de supervisión dos especialistas en formación e a asunción progresiva de responsabilidades por parte dos residentes, a promoción da formación en competencias transversais, o establecemento

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de normas sobre o control da calidade, así como a regulación dos plans de xestión da calidade docente e o funcionamento da Rede de comisións de docencia de Galicia (Redega).

Cómpre destacar que esta norma incide na posta valor da figura dos titores e dos xefes de estudos. Así, consolidará o establecemento de medidas que xa se están a aplicar en Galicia, como é o recoñecemento en baremos -para efectos da carreira profesional, dos concursos de traslados ou procedementos similares- do exercicio das titorías ou o desempeño das xefaturas de estudo ou doutras figuras de colaboración na docencia.

Nesta mesma liña, ampliará as facilidades para exercer o labor docente -garantindo que o titor poida dispor dunha dedicación específica para o exercicio das súas funcións- e, tamén, priorizará a súa participación en actividades de formación continuada destinadas ao persoal sanitario.

### **Máis de 60 millóns de euros para a formación de novos profesionais**

A formación de especialistas en ciencias da saúde é un obxectivo prioritario para a Administración galega, que destinará 61,7 millóns de euros á formación sanitaria especializada durante o ano 2022.

Así, a publicación deste anteproxecto coincide no tempo co maior número de prazas ofertadas nas convocatorias feitas en Galicia até o momento, con 543 prazas nas probas de 2021. Unha cifra que supuxo un incremento de 52 prazas respecto da oferta final da anterior convocatoria.

Ademais, Galicia convocou o 100 % das prazas acreditadas en Galicia para médicos de familia e pediatras, e ampliou en nove as prazas de formación na especialidade de enfermaría familiar y comunitaria.

Todas estas iniciativas inciden na necesidade de regular e homoxeneizar a organización da docencia sanitaria especializada, co obxecto de resolver a escaseza de facultativos actual. Así, estas actuacións engádense ás reiteradas solicitudes do Executivo galego ao Goberno central de suprimir a taxa de reposición, a realización dunha convocatoria extraordinaria de prazas MIR ou a creación da especialidade de medicina de urxencias.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DE GALICIA RECOÑECE A ASOCIACIÓN DE GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL E UNIÓNS AGRARIAS COMO ENTIDADES COLABORADORAS PARA O CUMPRIMENTO DA LEI DE RECUPERACIÓN DA TERRA AGRARIA**

- O Consello da Xunta aprobou dous convenios da Consellería do Medio Rural para levar a cabo estes recoñecementos
- Estas entidades aconsellarán e orientarán as persoas mozas que se incorporen á actividade agraria e ofrecerán asesoramento e acompañamento a iniciativas de solicitude de polígonos agroforestais ou actuacións de xestión conxunta, entre outros instrumentos de mobilización no marco da lei

O Consello da Xunta aprobou dous convenios da Consellería do Medio Rural para o recoñecemento da Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural e da organización profesional Unións Agrarias-UPA como entidades colaboradoras da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para o cumprimento dos obxectivos da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

Así, estas entidades aconsellarán e orientarán as persoas mozas que se incorporen á actividade agraria en materia de información, formación, análises técnicas e asesoramento xurídico. Tamén ofrecerán asesoramento e acompañamento a iniciativas de solicitude de polígonos agroforestais ou actuacións de xestión conxunta, entre outros instrumentos de mobilización, no marco da nova lei. Do mesmo xeito, deberán estar vixiantes sobre a posible existencia de terras en abandono ou a infrautilización e sobre notificalo á Consellería do Medio Rural, co fin de levar a cabo instrumentos de recuperación que poidan pór en valor esas terras.

Desta forma, os interesados en impulsar algún dos instrumentos de recuperación de terras ao abeiro desta lei ou que queiran incorporarse á actividade agraria terán máis opcións para informarse e asesorarse, ademais de facelo nas entidades vinculadas ao medio rural. Neste senso, o recoñecemento destas entidades tamén favorecerá, en termos xerais, o desenvolvemento dos territorios, facilitando o intercambio de información e experiencias entre distintas zonas e axentes do rural.

Neste senso, cabe sinalar que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural compensará os gastos en que incorran estas entidades colaboradoras. Este convenio de colaboración estará vixente ata o vindeiro 31 de decembro de 2022, e pode prorrogarse por un período de ata catro anos adicionais, se as partes o consideran oportuno.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Lei de recuperación da terra agraria**

O pasado 22 de maio entrou en vigor a nova Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, que recolle o marco xeral para a xestión da terra agroforestal, a súa ordenación de usos e o fomento da súa recuperación. O fin que se persegue é pór a producir as terras arestora abandonadas e infrautilizadas e darlle base territorial suficiente a aquelas explotacións existentes que a precisan.

Así, a nova norma vai rexer un conxunto de instrumentos voluntarios para mobilizar a terra, entre os cales salientan os polígonos agroforestais, as aldeas modelo e as agrupacións de xestión conxunta. Con este convenio, os interesados poderán solicitar aconsellamento sobre todas estas figuras, que garanten a seguridade xurídica para propietarios e destinatarios, así como a rendibilidade das explotacións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DE GALICIA AVOGA POR UNHA EURORREXIÓN COMPETITIVA, CONECTADA E ECOLÓXICA, INTEGRADORA SOCIALMENTE E MÁIS COHESIONADA EN BENEFICIO DOS CIDADÁNS**

- O Plan de investimentos conxuntos (PIC) 2021-2027 será un dos instrumentos de referencia para a avaliación dos proxectos que se presenten ao novo Programa de cooperación transfronteiriza España-Portugal
- O anterior PIC serviu para que Galicia captase ata 163 millóns de euros en 85 proxectos
- A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea elaborou un informe que servirá de instrumento de programación conxunta da Eurorrexión

No informe aprobado hoxe no Consello da Xunta de Galicia sobre o Plan de investimentos conxuntos (PIC) da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal 2021-2027, a Xunta avoga por unha Eurorrexión competitiva, conectada e ecolóxica, integradora socialmente e máis cohesionada en beneficio dos cidadáns. Eses son os principais eixos en que se basea un documento que servirá como instrumento de programación conxunta da Eurorrexión e que foi aprobado no Plenario da comunidade de traballo do pasado 28 de xullo en Salvaterra do Miño.

Para a redacción do PIC, a Agrupación Europea de Cooperación Transfronteiriza da Eurorrexión baseouse en seis principios: a consolidación da capacidade de resiliencia da Eurorrexión, a construción da confianza dos pobos e entre os pobos, a promoción dun piar eurorrexional de dereitos sociais, o avance no proxecto de dixitalización, no impulso decidido polas transicións e no carácter dinámico do propio documento, que deberá de ser avaliado no transcurso da súa vixencia.

Partindo deses principios, preténdense alcanzar os seguintes cinco obxectivos: traballar en conxunto para unha saída xunta da crise, garantir a cooperación de proximidade, abordar a cooperación atendendo á suma de esforzos dos actores implicados das dúas rexións, fomentar a participación da sociedade civil e contribuír a mitigar o desequilibrio territorial.

O documento, ademais, expón como desafíos a oportunidade que supón o cambio demográfico para unha sociedade cunha alta esperanza de vida nun contexto de transición dixital, enerxética e ambiental e o de dar un salto cualitativo na cooperación

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

para ir máis alá dos fondos comunitarios e aproveitar todas as posibilidades e os recursos dispoñibles.

Partindo deses antecedentes, as prioridades estratéxicas do Plan de investimentos conxuntos baséanse en catro eixos: nunha Eurorrexión máis competitiva e conectada que aposta pola innovación, a dixitalización e a internacionalización como instrumentos para a creación de emprego de maior calidade; nunha comunidade transfronteiriza máis ecolóxica e descarbonizada para afrontar o cambio climático global e para unha transición enerxética xusta; nunha Eurorrexión máis social, integradora, resiliente e segura para afrontar o reto demográfico e as ameazas á saúde pública, e nunha comunidade máis cohesionada en beneficio da cidadanía.

A Eurorrexión dispuxo doutro PIC no anterior período de programación 2014-2020. Daquela era a primeira vez que se puxera en marcha esta figura que serviu para que Galicia captase ata 163 millóns de euros en 85 proxectos do Programa de cooperación transfronteiriza España-Portugal.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A RECUPERACIÓN DA DEMANDA TURÍSTICA EN GALICIA NESTE VERÁN SITUOUSE 25 PUNTOS POR RIBA DA MEDIA NACIONAL

- Con preto de 1,5 M de viaxeiros e preto de 3,9 M de noites, Galicia recuperou practicamente os datos turísticos prepandemia
- A entrega de 78.000 compostelas só entre xullo e agosto, o 80 % do total das entregadas no que vai ano evidencian o pulo do Camiño de Santiago
- Os programas e as mensaxes de Galicia como destino seguro calaron entre os viaxeiros e peregrinos

O Consello da Xunta deu conta hoxe do balance turístico da tempada de verán nun informe no cal se constata que a celebración do primeiro Ano Xacobeo e as mensaxes de Galicia como destino turístico seguro foron determinantes neste proceso de recuperación turística. O balance presentado recolle que a tempada estival que vén de rematar fíxoo con excelentes resultados para o noso territorio, que recuperou o 98 % da súa demanda turística prepandemia. No conxunto do verán, a nosa Comunidade experimentou unha recuperación da demanda turística 25 puntos mellor ca a media nacional respecto ao verán de 2019.

Estes datos permitiron que Galicia se situara no segundo posto na recuperación de viaxeiros e noites nos hoteis do conxunto do Estado. Uns resultados que foron posibles grazas ao tirón do Camiño de Santiago, que recuperou dúas de cada tres compostelas entregadas no verán marca de 2019, unido ás mensaxes de Galicia como destino seguro, que callaron entre os viaxeiros e peregrinos.

Con preto de 1,5 millóns de viaxeiros aloxados e preto de 3,9 millóns de noites no conxunto de xullo e agosto, Galicia pecha un verán con cifras que superan notablemente os niveis do pasado ano –nun 59 % en termos globais- e que fican moi próximos aos valores previos á pandemia.

Agosto foi o mes con mellor comportamento tanto en establecementos hoteleiros coma extrahoteleiros, o que permitiu que Galicia se situara no primeiro posto en recuperación do número de viaxeiros (+2,6%) e no segundo posto en recuperación do número de noites, só por detrás de Asturias, incrementando o número de noites en 1,5 %.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### Recuperación en todas as tipoloxías de aloxamento

Todas as tipoloxías superan de sobra as cifras do pasado ano: os establecementos hoteleiros galegos marcaron cifras históricas de recuperación coa súa segunda mellor cifra de demanda hoteleira de toda a historia (só superado polo verán de 2017) e superando as cifras de agosto de 2019, mentres que os apartamentos turísticos e os cámpings non só conseguen superar os niveis previos á pandemia, senón que marcan máximos históricos incrementando en 13 e 8 puntos respectivamente as cifras acadadas en 2019.

O mercado nacional representou o 90 % do total de viaxeiros que visitaron Galicia este verán, con Madrid, Andalucía, Cataluña e a Comunidade Valenciana entre os principais mercados emisores nacionais. De feito, o excelente comportamento tanto do mercado nacional como do galego foi o responsable desta rápida recuperación da demanda turística galega, permitindo marcar máximos históricos no número de noites deste segmento.

### Revitalización do Camiño de Santiago

O Camiño de Santiago, que acaba de acadar as 150.000 compostelas entregadas tres meses antes do remate do ano, rexistrou entre xaneiro e agosto preto de 98.000 peregrinos. Deles, o 80 % chegou durante os meses de xullo e agosto, preto de 78.000 peregrinos, a maioría deles nacionais –o 30 % procedentes de Andalucía e Madrid- e moitos deles galegos, que duplicaron a cifra de 2019. Os estranxeiros supuxeron o 10 % dos peregrinos que recolleron a certificación, procedentes de máis de 80 países.

A chegada de peregrinos este verán supuxo máis de 25.000 noites nos albergues públicos de peregrinos pero tamén se traduciu nun notable incremento na ocupación hoteleira dos establecementos situados nos trazados dos Camiños. No Camiño Francés, o itinerario escollido por máis da metade dos peregrinos, esta recuperación de peregrinos traducíuse na cifra máis elevada de noites rexistradas nestes establecementos dos últimos catro anos –con 97.000 noites-.

A posta en marcha dun conxunto de medidas entre as cales se contaron o programa Galicia Destino Seguro, Camiño Seguro ou a campaña *Camiña a Galicia* están a demostrar a súa eficacia para trasladar que o noso territorio é un destino seguro.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste obxectivo, as ferramentas como o seguro coronavirus, que se activou en 28 ocasións desde que se puxo en marcha en verán, están a amosarse como fundamentais neste proceso de recuperación do turismo en Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DE GALICIA DUPLICA ATA OS 20 M€ O CAPITAL DO FONDO DE COOPERACIÓN PARA ACTUACIÓNS MUNICIPAIS DE CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN

- Grazas a este programa, as administracións locais acceden a créditos sen xuros, cun prazo de amortización de ata 8 anos
- A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda puxo en marcha esta liña de actuación no ano 2017 e xa beneficiou 25 concellos para impulsar 48 actuacións
- A contía total dos proxectos impulsados ou solicitados polos municipios ascende a 13,3 millóns de euros

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda decidiu duplicar o capital do Fondo de Cooperación ata os 20 millóns de euros, grazas aos cales poderá seguir facilitando créditos sen xuros aos concellos que desexan executar actuacións de conservación e rehabilitación de inmobles municipais.

O Consello da Xunta abordou un informe sobre esta ampliación que servirá para seguir mellorando o patrimonio construído en municipios de menos de 50.000 habitantes. Un programa de convocatoria anual que se puxo en marcha no ano 2017 cun orzamento inicial de 10 millóns de euros e que permite aos concellos devolver os créditos sen xuros nun máximo de 96 mensualidades, é dicir, 8 anos.

De feito, entre 2017 e 2021, xa se beneficiaron deste programa un total de 25 concellos, que accederon a un préstamo para a posta en marcha de 48 actuacións. Non obstante, hai que ter en conta que actualmente están en fase de tramitación outras oito actuacións presentadas por cinco concellos.

A contía total dos proxectos impulsados ou solicitados polos municipios ascende a 13,3 millóns de euros.

Así, o Goberno galego decidiu multiplicar por dous o fondo dispoñible para este programa, tendo en conta tamén, como exemplo, que as solicitudes presentadas ao abeiro da última convocatoria multiplican por tres as axudas concedidas na primeira.

Con cargo ao Fondo de Cooperación poden financiarse actuacións promovidas polos concellos no desenvolvemento das competencias que lles atribúe a lexislación urbanística, en relación cos deberes de conservación e rehabilitación, coas actuacións de rehabilitación e rexeneración urbanas realizadas polo concello dentro das propias políticas municipais en materia de conservación e recuperación do patrimonio construído e a adquisición de inmobles para a súa posterior rehabilitación.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por último, cómpre lembrar que as administracións locais interesadas en pedir financiamento do Fondo de Cooperación deberán solicitar do Instituto Galego da Vivenda e Solo a sinatura dun acordo de adhesión no cal constarán as actuacións que se van realizar, a contía de que se disporá, o prazo e as condicións de reintegro, e as demais condicións.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA DE GALICIA PON EN MARCHA A CAMPAÑA DE VACINACIÓN ANTIGRIPIAL QUE SUPÓN UN INVESTIMENTO TOTAL DE PRETO DE 5,3 MILLÓNS DE EUROS

- Este ano, o Goberno galego comprou, inicialmente, 885.800 doses
- A partir do 18 deste mes comezase a vacinar o persoal dos centros sanitarios
- Os resultados da campaña do ano 2020 foron moi bos, xa que o número total de doses administradas ascendeu a 843.469, o que supón 237.937 doses máis ca no 2019

A Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, organiza a campaña de vacinación antigripal entre mediados de outubro e finais de decembro deste ano, co obxectivo principal de tentar reducir a mortalidade e a morbilidade, así como o impacto desta enfermidade. Para a campaña deste ano, o Goberno galego mercou 885.800 doses, que supoñen un investimento de preto de 5,3 M€.

A vacinación ofértase gratuitamente nos máis de 900 puntos de vacinación entre os centros de saúde, hospitais e residencias, para todas as persoas en que está indicada, como son as de 60 ou máis anos, priorizando os maiores de 65; os residentes en institucións pechadas de calquera idade e tamén para aquelas entre 6 meses e 59 anos con factores de risco que as predispoñen a padecer complicacións derivadas da gripe. Tamén está indicada para as embarazadas e ata os 6 meses tras o parto, e para os prematuros. Ademais, ofértaselles a vacina a aquelas persoas que lles poden transmitir a gripe a outras con alto risco de complicacións, así como as que desenvolven servizos esenciais para a comunidade ou os grupos con exposición laboral e conviventes con persoas de risco.

### Datas de inicio

Este ano, para mellorar a xestión da campaña, a vacinación vaise facer de maneira secuencial. Deste xeito, a partir do 18 deste mes, comezase a vacinar o persoal dos centros sanitarios públicos e privados. A partir do día 25 vacinaranse as persoas de 65 ou máis anos, así como as persoas institucionalizadas de maneira prolongada (residencias de maiores e discapacitadas e traballadores destas institucións).

Desde o 15 de novembro vacinaranse as persoas de 60 a 64 anos, as persoas menores de 60 con patoloxías de risco, embarazadas e no puerperio, os prematuros de 6 meses a 2 anos, o persoal de servizos esenciais, o persoal de exposición laboral e, ademais, o persoal das oficinas de farmacia.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Desde o 29 de novembro, as persoas que se vacinarán serán o resto da poboación diana e conviventes de persoas de risco.

Este ano empréganse tres tipos de vacinas. A tetravalente de virus fraccionados e inactivados, que pode ser utilizada a partir dos 6 meses, a trivalente adxuvada de antíxenos de superficie inactivados, indicada para as persoas de 65 ou máis anos, e a vacina de alta carga tetravalente, para as persoas maiores de 60 anos institucionalizadas en residencias, xa que esta vacina xera unha resposta inmune máis potente neste grupo de persoas cun maior risco de transmisión.

### **Resultados da campaña anterior**

Os resultados da campaña do ano 2020 foron moi bos, xa que o número total de doses administradas ascendeu a 843.469, o que supón 237.937 doses máis que na campaña de 2019, que representa un 28,21 % de incremento. Desas vacinas, 492.889 corresponderon a persoas de 65 ou máis anos, o que amosa unha mellora na cobertura vacinal nestas persoas (71,66 %) que superane nun 11,24 % a cobertura de 2019.

Polo que atinxe á cobertura global do persoal médico e de enfermaría, pasou do 50,93 % en 2019 ao 74,6 % no 2020, mellorando así en máis de 23 puntos os resultados do ano anterior. Desde o ano 2014, a cobertura deste colectivo pasou do 18,27 % ao 74,6 %.

Debemos destacar tamén que no 2020 se vacinaron 7.792 mulleres embarazadas, grupo prioritario da campaña, o que supón unha cobertura do 68,25 %, que supera o obxectivo proposto do 60 %.